

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****CAMPO LAMEIRO****Ordenanzas e Regulamentos*****APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA REGULADORA PUNTO DE
ALMACENAXE CAMPO LAMEIRO***

Visto o anuncio publicado no BOP nº 33 do xoves 16 febreiro 2017, sobre aprobación inicial da ordenanza municipal reguladora do punto de almacenaxe do Concello de Campo Lameiro, e tendo en conta que non se produciron alegacións ou reclamacións contra a citada aprobación inicial durante o prazo concedido, considerase aprobada definitivamente.

Campo Lameiro a 17 abril 2017.—O Alcalde, Julio Sayans Bugallo.





CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

Pr. Pontevedra, 1 -36110 Campo Lameiro
P-3600700-C

REGULAMENTO DO FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DO PUNTO DE ALMACENAXE DE VOLUMINOSOS DO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

TÍTULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS.

Artigo 1.- Obxecto e ámbito de aplicación.

- 1.- O presente regulamento ten por obxecto regular as características e o funcionamento do Punto de Almacenaxe do Concello de Campo Lameiro, e as súas instalacións, elementos e mobiliario.
- 2.- O Punto de Almacenaxe de Campo Lameiro sitúase no Polígono empresarial de A Facha – Redonde, Parcela nº 11.
- 3.- A titularidade e competencia do Punto de Almacenaxe é municipal e estará regulado de acordo ás disposicións legais e regulamentarias que existen sobre a materia.

Para a explotación do mesmo, o Concello poderá acudir a calquera das formas de xestión directa ou indirecta establecidas na lexislación vixente.

Artigo 2.- Definicións.

Aos efectos da presente regulamentación enténdese por:

- 1.- *Punto de almacenaxe: instalación axeitadamente equipada para a recepción, separación selectiva e almacenamento temporal de certos residuos sólidos urbanos que pola súa natureza non son obxecto habitual do servizo ordinario de recollida de residuos urbanos. Constitúe, polo tanto, un sistema de recollida selectiva.*

Nesta instalación recíbense os residuos relacionados no listado de residuos admisibles vixente previamente seleccionados e entregados de forma voluntaria polos cidadáns, os cales os depositan nos contedores correspondentes para o seu posterior reciclado, reutilización ou valorización. Quedan excluídos os residuos de orixe industrial que teñan a consideración de perigosos ou industriais, de conformidade coa planificación vixente en materia de residuos.

En ningún caso se trata dun vertedoiro, senón dun lugar onde se almacenan temporalmente os residuos, para ser posteriormente trasladados a outros lugares a través de transportistas e xestores autorizados.

- 2.- *Resíduos reciclables: Aqueles materiais que poden ser reutilizados como materia prima, para que mediante un proceso, se obteña un produto distinto ou igual ó orixinal.*
- 3.- *Provedor: Persoa natural ou xurídica que fai entrega dos residuos reciclables no Punto de Almacenaxe..*





CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

Pr. Pontevedra, 1 -36110 Campo Lameiro
P-3600700-C

4.- Xestor autorizado: persoa ou entidade, pública ou privada, que realice calquera das operacións que compoñen a xestión dos residuos. Deberán solicitar a correspondente autorización como xestores de residuos, na consellería de Medio Ambiente, para a realización de ditas actividades.

Artigo 3.- Obxectivos.

Os obxectivos principais do Punto de Almacenaxe son os seguintes:

- 1.- Aproveitar os materiais contidos nos residuos que son susceptibles dunha reciclaxe directa, conseguindo con elo, un aforro enerxético e de materias primas e reducindo o volume de residuos a eliminar.
- 2.- Servir ós cidadáns como centro de depósito voluntario para a recollida selectiva dos residuos producidos no ámbito domiciliario, evitando o vertido incontrolado de voluminosos que non poden ser eliminados polos servizos de recollida de lixo habitual.
- 3.- Ofrecer unha forma sinxela de desfacerse de residuos que polas súas características non poden ou non deben ser xestionados a través dos sistemas de recollida.
- 4.- Buscar unha mellor solución para cada tipo de residuos co fin de conseguir a máxima valoración dos materiais e o custe mínimo da xestión global.

Artigo 4.- Responsabilidade.

O Concello da Campo Lameiro adquire a titularidade dos residuos entregados polo provedor, que destinará á súa eliminación, valoración e/ou reciclaxe.

O Concello xestionará con empresas debidamente acreditadas como xestores autorizadas os residuos admitidos no Punto de Almacenaxe. Nos supostos que o Concello o estime conveniente poderá establecer acordos ou convenios con empresas privadas que por razón da súa magnitude, capacidade técnica e económica resulten beneficiosos para a prestación e xestión do servizo.

Artigo 5.- Prestación do servizo.

Para a utilización do Punto de Almacenaxe do Concello de Campo Lameiro terase en conta:

- 1.- O Punto de Almacenaxe só poderá ser utilizado polos cidadáns particulares en relación cos residuos domésticos.

Tamén poderán acceder a estas instalacións as empresas ubicadas no Parque empresarial de A Facha e outros usuarios que depositen residuos que polo seu volume e características estén incluídos no





CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

Pr. Pontevedra, 1 -36110 Campo Lameiro
P-3600700-C

obxecto de aplicación do presente regulamento, sempre que conten coa correspondente e previa autorización do Concello de Campo Lameiro.

2.- Prohíbese a entrada de residuos de orixe industrial. As actividades industriais deberán xestionar os seus propios residuos a través de xestores autorizados pola Xunta de Galicia.

3.- Non se admite o depósito de residuos catalogados como perigosos.

4.- Os usuarios poderán acceder ao interior das instalacións ben a pé, ben en vehículo propio, sendo en calquera caso responsables do uso do devandito vehículo e dos danos e prexuízos que a súa actuación poida causar.

5.- Non está suxeito a esta Ordenanza a recollida e depósito de residuos que polo seu volume e características especiais esixan a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade; incluíndo neste apartado os lixos domiciliarios e os de residuos sólidos urbanos referidos a restos e desperdicios de alimentación ou detritus procedentes da limpeza normal de vivendas ou establecementos, a depositar nos habituais puntos de recollida existentes en viais (contenedores).

TÍTULO II.- IDENTIFICACIÓN DE RESIDUOS E XESTIÓN.

Artigo 6.- Tipoloxía de residuos.

1.- Residuos admisibles:

- a) Envases voluminosos papel e cartón.
- b) Envases de vidro: botellas, frascos, tarros, etc.
- c) Envases de plástico, bricks e latas.
- d) Residuos voluminosos: mobles, madeiras, colchóns, e outros enseres.
- e) Cascotes e pequenos residuos procedentes da realización de pequenas obras domiciliarias – obras menores – que conten coa preceptiva autorización municipal. Quedan excluídos residuos de obra contemplados no Real Decreto 105/2008 do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.
- f) Residuos poda e vexetais domiciliarios.
- g) Restos metálicos de fogares/ Chatarra. Non se admiten RAEs.

2.- Residuos non admisibles:

- a) RAEs (Residuos de Aparatos Eléctricos e Electrónicos).
- b) Disolventes, pinturas e barnices.
- c) Fluorescentes.
- d) Productos fitosanitarios, radiografías.
- e) Baterías, motores e pilas, inclusive os aportados por electrodomésticos .





- f) Aceites domésticos.
- g) Lixos domésticos (materia orgánica).
- h) Uralita.
- i) Resíduos infecciosos, clínicos, biosanitarios ou citolóxicos.
- j) Materiais explosivos, inflamables ou radioactivos.
- k) Resíduos perigosos ou de orixe industrial ou doméstico.
- l) Animais mortos.
- m) Neumáticos.
- n) Calquera outro residuo que non se enumere na lista de residuos admisibles ou sen identificar.

Artigo 7.- Presentación dos residuos.

Para a recollida dos residuos anteriormente mencionados, estes deberán entregarse de acordo a unhas normas de presentación, que son:

- 1.- Cartón e papel: As caixas de cartón deberán abrir e comprimir para reducir o volume. O papel deberá entregarse de tal xeito que se evite o seu espaxamento.
- 2.- Vidro e cristais: Os residuos de cristais deberán acondicionarse de tal xeito que se evite a rotura e poida ocasionar riscos de seguridade para as persoas encargadas da manipulación dos residuos.
- 4.- Terras e escombros: Debido a natureza destes residuos deberán presentar en sacos de plásticos pechados de 25 quilos máximo. Queda excluída con este tipo de residuos calquer tipo de uralita.
- 5.- Plásticos: Presentaranse libres de restos orgánicos e debidamente comprimidos para reducir o seu volume.
- 6.- Metálicos – Chatarra: presentaranse debidamente comprimidos para reducir o seu volume.

O persoal encargado do Punto pode rexeitar o depósito de calquer tipo de residuos dos anteriormente descritos se non se adaptan ás presentes normas de almacenaxe.

Artigo 8.- Cantidades máximas de residuos.

Establécese una limitación das cantidades admisibles para determinados tipos de residuos e por cada particular ao día do seguinte xeito:

Papel e cartón	Ilimitada
Envases de vidro	Ilimitada
Envases de plástico	Ilimitada
Restos metálicos/ Chatarra	Máximo 50 quilos en bolsas de 25 quilos/1 resto





CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

Pr. Pontevedra, 1 -36110 Campo Lameiro
P-3600700-C

	grandes dimensións
Residuos poda doméstica e vexetais	Máximo 20 quilos en bolsas de 10 quilos
Voluminosos (mobles, colchóns...)	Máximo de 2 unidades por depósito
Cascotes de pequenas obras	Máximo de 50 quilos en bolsas de 25 quilos

Se a capacidade do Punto de Almacenaxe vese comprometida o Concello pode establecer, durante o período de tempo que se considere necesario, limitacións adicionais, que serán publicadas no propio recinto do Punto de Almacenaxe.

Artigo 9.- Descrición das instalacións.

As instalacións onde se atopa o Punto de Almacenaxe consisten nun recinto cerrado, valado e equipado con contedores para os distintos tipos de residuos. O devandito recinto componse dunha zona de recepción e una zona de acumulación dos residuos.

A zona de recepción encóntrase xunto á entrada da instalación. A través da zona de recepción accédese á zona de acumulación de residuos onde se atopan os diferentes contedores específicos para cada tipo de residuo.

A zona de acumulación dispón de espazo suficiente para realizar as actividades de descarga dos residuos, podendo manobrar correctamente, tanto os vehículos particulares, coma os vehículos recolletores dos residuos.

Os contedores levaran un letreiro visibles que indica o nome do material que se depositar no seu interior.

Artigo 10.- Funcionamento e xestión.

1.- Na instalación do Punto de Almacenaxe estará dispoñible unha copia do presente regulamento, co obxecto de posibilitar a súa consulta a calquera usuario/a que o solicite.

2.- Para que o servizo que se presta no Punto de Almacenaxe sexa o correcto é necesario que os/as usuarios/as aporten os residuos previamente separados e os depositen nos contedores específicos para cada fracción, segundo as instrucións da persoa responsable.

3.- O Punto de Almacenaxe disporá dun Rexistro de incidencias e información interna recollida nos días nos que as instalación permaneceren abertas, permanecendo nas mesmas un mínimo dun (1) ano, quedando en todo momento a disposición da autoridade competente para a inspección dos residuos, a fin de realizar os exames, controles, investigacións, toma e recollida de mostras, facilitando, así mesmo, calquera información que se lle requira.





CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

Pr. Pontevedra, 1 -36110 Campo Lameiro
P-3600700-C

3.1.- O Rexistro de incidencias e información conterá os seguintes datos:

- a) Identificación completa do/a usuario/a mediante a exhibición do seu DNI:
- b) Natureza dos residuos que deposita.
- c) Licenza de actividade cando os residuos proveñan de establecementos comerciais. Asemesmo se esixirá a licenza de obra para o depósito de pequenos cascotes ou pequenos restos de obras menores.
- d) Acreditación do pago dos impostos e taxas municipais, no caso que foran esixidas.

3.2.- Así mesmo o responsable anotará no Libro de Rexistro os seguintes datos:

- a) Natureza, destino e data de retirada dos produtos evacuados.
- b) Incidencias e reclamacións.

4.- Todos os datos quedan, en todo caso, sometidos ás normas xerais de protección de datos persoais, sen que os mesmos poidan ser utilizados para outros fins que non sexan os propios do servizo.

5.- O/a usuario/a accederá á zona de acumulación onde depositará os residuos no seu correspondente contedor.

6.- Antes de proceder ó depósito dos residuos, cada usuario/a deberá declarar ante o persoal municipal encargado do Punto de Almacenaxe o contido ou relación do que quere entregar, co fin de realizar un control de orientación de vertido e estatístico. O/a responsable do centro, tendo en conta a carga declarada e a lista de residuos admisibles, indicará a súa aceptación ou rexeitamento. Os usuarios do Punto de Almacenaxe deberán seguir as indicación do/a operaria/o do centro.

7.- Os transportistas que realicen os portes dos residuos tamén deberán seguir as indicacións da operaria/o do centro, que supervisará os seus labores e recibirá un certificado de que realizaron a recollida dos diferentes residuos.

8.- No Punto de Almacenaxe só se poden depositar os residuos mencionados no artigo 6.

9.- O/a encargado/a do Punto de Almacenaxe supervisará as operacións de depósito dos residuos para comprobar que se depositan de forma axeitada e non se encontran mesturados con residuos tóxicos e perigosos.

10.- Os residuos depositados nas instalacións pasarán a ser propiedade do Concello de Campo Lameiro.

11.- Antes de que os contedores se atopen cheos de residuos, por parte do Concello de procederá a dar aviso ós xestores ou transportistas designados para a retirada e traslado dos residuos ás diferentes instalación de reciclaxe ou centros de eliminación.





CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

Pr. Pontevedra, 1 -36110 Campo Lameiro
P-3600700-C

12.- As instalación do Punto de Almacenaxe deben permanecer en boas condicións de hixiene e salubridade pública. A tal fin os/as operarios/as deben controlar que o depósito de residuos se realice de xeito correcto, evitando a caída de residuos fóra dos contedores e retirando calquera material que dificulte o tránsito dos vehículos e o depósito dos residuos.

13.- O Punto de Almacenaxe estará equipado de acordo ó risco intrínseco da actividade de almacenamento coas instalacións de protección de incendios que corresponda ó tamaño da instalación e segundo as características fixadas na normativa. Deberán adoptarse as medidas necesarias para evitar calquera tipo de accidente e os materiais e equipos deberán cumprir coas prescricións legais.

14.- O/a encargado/a do Punto de Almacenaxe poderá rexeitar aqueles residuos cando pola súa natureza ou volume non poidan ser admitidos de acordo coa presente ordenanza.

15.- Os/as usuarios/as serán responsabeis dos danos a terceiros ocasionados na instalación.

Artigo 11.- Horario.

O Punto de Almacenaxe prestará os seus servizos de recollida conforme a un horario prefixado que se porá en coñecemento de todos os usuarios polos medios oportunos.

Artigo 12.- Prohibicións.

Prohíbense expresamente os seguintes aspectos:

- 1.- Depositar residuos non permitidos por esta norma.
- 2.- Depositar mesturados diferentes tipos de residuos.
- 3.- Depositar residuos fóra do contedor específico.
- 4.- Depositar cantidades de residuos superior ás admisibles por esta norma.
- 5.- Ocultar residuos de carácter perigoso dentro de bolsas ou sacos.
- 6.- Abandonar residuos de calquera tipo na porta das instalacións, fora do horario de funcionamento do Punto de Almacenaxe.
- 7.- Calquera tipo de incineración de residuos dentro do Punto de Almacenaxe.
- 8.- Fumar dentro das instalacións.
- 9.- Prohíbese a entrada de residuos de orixe industrial. As actividades industriais deberán xestionar os seus propios residuos a través de xestores autorizados pola Consellería de Medio Ambiente.

TÍTULO III. RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 13.- Infraccións.





CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

Pr. Pontevedra, 1 -36110 Campo Lameiro
P-3600700-C

Calquera incumprimento das normas da presente ordenanza considerarase unha infracción que se tipificarán de acordo coa natureza do acto en leves e graves.

1.- Considerarase infraccións leves:

- a) Entregar residuos non procedente de domicilios particulares, salvo o establecido no artigo 5.1 do presente regulamento.
- b) Depositar calquera outro tipo de residuo de orixe domicilio que non se encontre establecido na presente ordenanza.
- c) Depositar mesturados os diferentes residuos.
- d) Depositar residuos fóra do contedor específico.
- e) Depositar cantidades de residuos superiores ás admisibles por esta ordenanza.

2.- Considerarase infraccións graves:

- a) Ocultar e depositar residuos de carácter perigoso dentro de bolsas ou sacos.
- b) Abandonar residuos de calquera tipo de entrada das instalacións, fóra do horario de funcionamento do Punto de almacenaxe.

Artigo 14.- Sancións.

1.- Os/as usuarios/as que efectúen infraccións leves estarán na obriga de restituír o dano causado ou prohibiráselles a entrega de residuos, podendo impoñerse unha multa de ata 300 euros e/ou valor de danos provocados se fose o caso.

2.- Os/as usuarios/as que cometan infraccións graves estarán na obriga de restituír o dano causado ou prohibiráselles a entrega de residuos, podendo impoñerse unha multa de ata 1.200 euros e/ou valor dos danos provocados se fose o caso.

3.- As sancións graduaranse atendendo a:

- a) Grao de intencionalidade.
- b) Gravidade do ano producido.
- c) Grao de malicia, participación e beneficio obtido.
- d) Irreversibilidade do dano producido.
- e) Categoría do recurso afectado.
- f) Natureza do residuo.
- g) Reincidencia.
- h) Perigo para a saúde e integridade das persoas, animais ou bens.

A competencia para a imposición de sancións corresponderalle ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Campo Lameiro no marco da normativa sectorial que regula a materia.

DISPOSICIÓN FINAL





CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

Pr. Pontevedra, 1 -36110 Campo Lameiro
P-3600700-C

O Regulamento entrará en vigor cando o seu texto íntegro sexa publicado no Boletín Oficial da Provincia e haxan transcorrido 15 días hábiles dende a devandita publicación, todo isto ó abeiro do disposto no artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da LRBRL.

ANEXO I

AUTORIZACIÓN DE DEPÓSITO DE RESIDUOS NO PUNTO DE RECOLLIDA MUNICIPAL

D/D^a, con DNI nº, con
endereço en C/, nº, teléfono/s:
..... Concello de

SOLICITA se lle autorice o depósito de residuos no Punto de Recollida de Campo Lameiro, conforme ás seguintes condicións:

TIPO DE RESIDUO	CANTIDADE (KG)	VEHÍCULO (coche, etc)	MATRÍCULA

Conductor habitual D/D^a.....

A autorización será invalidada se os residuos que se presentan non son os autorizados.

Ase mesmo, o asinante declara coñecer e aceptar a Ordenanza pola que se regula o funcionamento deste Servizo Municipal.

En, a de de 20

Sinatura





CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

Pr. Pontevedra, 1 -36110 Campo Lameiro
P-3600700-C

Asdo.:

ANEXO 2

NORMAS UTILIZACION PUNTO DE ALMACENAMIENTO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

NORMAS XERAIS

En cumprimento da normativa autonómica e municipal, e para garantir unha correcta xestión dos residuos, o Concello de Campo Lameiro ten posto en marcha un Punto de Almacenamento no Parque empresarial de A Facha, Parcela nº 11.

Este servizo estará a funcionar próximamente para a recollida de diversos materiais que se relacionan de seguido.

Tamén se establece una limitación das cantidades admisibles para determinados tipos de residuos e por cada particular ao día do seguinte xeito:

Papel e cartón	Ilimitada
Envases de vidro	Ilimitada
Envases de plástico	Ilimitada
Restos metálicos/ Chatarra	Máximo 50 quilos en bolsas de 25 quilos/1 resto grandes dimensións
Residuos poda e vexetais	Máximo 20 quilos en bolsas de 10 quilos
Voluminosos (mobles, colchóns...)	Máximo de 2 unidades por depósito
Cascotes de pequenas obras	Máximo de 50 quilos en bolsas de 25 quilos

Se a capacidade do Punto de Almacenaxe vese comprometida o Concello pode establecer, durante o período de tempo que se considere necesario, limitacións adicionais, que serán publicadas no propio recinto do Punto de Almacenaxe.

Neste Punto NON se permite a entrada de residuos industriais nin RAEEs.

PERIODICIDADE DO SERVIZO:

O servizo estará operativo nos seguintes días e horarios (a establecer):

Días:

Horario:

AVISO:

Só se recolleran escombros e residuos de construción ou reparación domiciliaria procedentes de OBRAS MENORES, previa presentación da correspondente licenza de obra e previa pago da taxa por utilización do servizo ante o Concello de Campo Lameiro.





CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

Pr. Pontevedra, 1 -36110 Campo Lameiro
P-3600700-C

Os residuos procedentes de OBRAS MAIORES deberan ser entregados polo titular da licenza á xestores autorizados, conforme á lexislación sectorial vixente.

Campo Lameiro 12 de decembro de 2016.

